

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- SALÓN PLENOS CASA DO CONCELLO, LUNS 16 DE DECEMBRO DE 2019 -

No día de hoxe, ás 10:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE: José Luis García López

ASISTEN:

Do grupo municipal de Alternativa por Arzúa:

Miguel Angel Vallo Camba

M^a del Carmen Fuentes Rios

M^a del Carmen Torreiro González

Manuel Rodríguez Santos

Aurora Varela Duro

Do grupo municipal do PP:

Rafael Rivadulla Varela

Cristina Castro Pampín

Jesús Gómez Camino

Do grupo municipal do BNG:

Xoan Xesús Carril Ramos

Lucia López Sobrado

Do grupo mixto:

Emilio García Vázquez (Compromiso por Galicia)

Begoña Balado Conde (PsdG-PSOE)

AUSENCIAS:Ningunha

SECRETARIA: Rebeca Vázquez Vázquez

INTERVENTORA: Olga Castro Fernández

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

1. APROBACIÓN DITAME BONIFICACIÓN IMPOSTO CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS.

A secretaria informa da seguinte proposta de acordo, ditaminado favorablemente na Comisión de Contas e de Economía e Facenda de data 11 de decembro de 2019:

PRIMEIRO.- Declarar de especial interese e utilidade municipal as obras que deseguido se indican, por concurrir circunstancias sociais e de fomento de emprego, que xustifican tal declaración:

1. Nas obras de construción dunha nave destinada a polos campeiros, no lugar de Trigas, na parroquia de Rendal; para a cal foi concedida licenza municipal a Gandería Cruceiro-O Pazo, S.C, pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada en data 15/10/2018, sendo aprobada tamén unha liquidación polo concepto de imposto municipal sobre construcións, instalacións e obras por importe de 9.558,41 euros.

Mediante escrito de data 11 de setembro de 2018 co nº rexistro 2937, Gandería Cruceiro-O Pazo, S.C solicita a concesión da bonificación do 50% na cuota do imposto sobre instalacións, construcións e obras.

2. Nas obras de ampliación de explotación de gando vacún de leite, mediante a construción dunha fosa de xurro, sobre a parcela 894 do polígono 513, sita no lugar de Carballos Altos, na parroquia de Lema; para o cal foi concedida licenza municipal a Gandería Os Carballizos, S.L., pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada en data 15/10/2018, sendo aprobada tamén unha liquidación polo concepto de imposto municipal sobre construcións, instalacións e obras por importe de 885,86 euros.

Mediante escrito de data 23 de xullo de 2018 co nº rexistro 2484, Gandería Os Carballizos, S.L, solicita a concesión da bonificación do 50% na cuota do imposto sobre instalacións, construcións e obras.

SEGUNDO.- En aplicación do artigo 103 nº 2 letra a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais dispón que *“ás ordenanzas fiscais poderán regular unha bonificación na cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras de ata o 95% a favor daquelas construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento de emprego, que xustifiquen tal declaración”*.

En aplicación de dita ordenanza, no seu **artigo 7, apartado I** (Bonificacións), subapartado **d)**, establece unha bonificación do 50% na cota do imposto municipal sobre construcións, instalacións

e obras, cando se trate de construcións, instalacións e obras promovidas por agricultores ou gandeiros, para o desenvolvemento da súa actividade agrícola ou gandeira.
E considerando, *de conformidade co disposto no artigo 7 da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras*:

- 1) Que a declaración de especial interese ou utilidade municipal foi solicitada polo suxeito pasivo, e
- 2) Que, unha vez informada esa solicitude, corresponderá ao Pleno do Concello decidir –por maioría simple- se concorren as circunstancias para efectuar a declaración de especial interese ou utilidade municipal.

En consecuencia con esta declaración, conceder os beneficios solicitados do 50 por 100 na cota do imposto municipal sobre construcións, instalacións e obras, que se aplicará sobre as liquidacións que foron practicadas, cando se adoptaron os acordos de concesión das licenzas municipais, para poder realizar as obras indicadas nos apartados I) e II) do apartado anterior.

TERCEIRO.- Notificar estes acordos aos solicitantes da bonificación, practicándolles unha nova liquidación tributaria, co obxecto de recoller as bonificacións agora aprobadas.

Deseguido interveñen:

O Sr. Carril Ramos (do BNG) que indica:

- Que lamenta unha vez mais o horario do pleno, e que se siga sen arranxar os equipos técnicos para que o pleno poida ser retransmitido pola radio municipal.
- Que están a favor, pero parécelle lamentable que estas solicitudes sexan do 2018, entenden que para un trámite como este non poden estar os vecinos/as esperando un ano e medio para unha cousa tan simple.

*O Sr. Rivadulla Varela (do PP) indica que parécelle que é un trámite administrativo sen mais, a pena é que non haxa mais solicitudes porque esto ten que ver co tema das licenzas, estamos cun retraso moi grande e evidente, tería que haber moito mais traballo deste tipo.

Tras o exposto o alcalde someteu a votación este asunto, adoptándose por 13 votos a favor coa unanimidade dos trece membros que integran esta Corporación Local, o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Declarar de especial interese e utilidade municipal as obras que deseguido se indican, por concurrir circunstancias sociais e de fomento de emprego, que xustifican tal declaración:

2. Nas obras de construción dunha nave destinada a polos campeiros, no lugar de Trigas, na parroquia de Rendal; para a cal foi concedida licenza municipal a Gandería Cruceiro-O Pazo, S.C, pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada en data 15/10/2018, sendo aprobada tamén unha liquidación polo concepto de imposto municipal sobre construcións, instalacións e obras por

importe de 9.558,41 euros.

Mediante escrito de data 11 de setembro de 2018 co nº rexistro 2937, Gandería Cruceiro-O Pazo, S.C solicita a concesión da bonificación do 50% na cuota do imposto sobre instalacións, construcións e obras.

2.Nas obras de ampliación de explotación de gando vacún de leite, mediante a construción dunha fosa de xurro, sobre a parcela 894 do polígono 513, sita no lugar de Carballos Altos, na parroquia de Lema; para o cal foi concedida licenza municipal a Gandería Os Carballizos, S.L., pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada en data 15/10/2018, sendo aprobada tamén unha liquidación polo concepto de imposto municipal sobre construcións, instalacións e obras por importe de 885,86 euros.

Mediante escrito de data 23 de xullo de 2018 co nº rexistro 2484, Gandería Os Carballizos, S.L, solicita a concesión da bonificación do 50% na cuota do imposto sobre instalacións, construcións e obras.

SEGUNDO.-En aplicación do artigo 103 nº 2 letra a) do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais dispón que *“ás ordenanzas fiscais poderán regular unha bonificación na cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras de ata o 95% a favor daquelas construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento de emprego, que xustifiquen tal declaración”*.

En aplicación de dita ordenanza, no seu **artigo 7, apartado I** (Bonificacións), subapartado **d)**, establece unha bonificación do 50% na cota do imposto municipal sobre construcións, instalacións e obras, cando se trate de construcións, instalacións e obras promovidas por agricultores ou gandeiros, para o desenvolvemento da súa actividade agrícola ou gandeira.

E considerando, *de conformidade co disposto no artigo 7 da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras:*

1) Que a declaración de especial interese ou utilidade municipal foi solicitada polo suxeito pasivo, e

2) Que, unha vez informada esa solicitude, corresponderá ao Pleno do Concello decidir –por maioría simple- se concorren as circunstancias para efectuar a declaración de especial interese ou utilidade municipal.

En consecuencia con esta declaración, conceder os beneficios solicitados do 50 por 100 na cota do imposto municipal sobre construcións, instalacións e obras, que se aplicará sobre as liquidacións que foron practicadas, cando se adoptaron os acordo de concesión das licenzas municipais, para poder realizar as obras indicadas nos apartados I) e II) do apartado anterior.

TERCEIRO.- Notificar estes acordos aos solicitantes da bonificación, practicándolles unha nova liquidación tributaria, co obxecto de recoller as bonificacións agora aprobadas.

2.- APROBACIÓN DITAME DAS OBRAS E GASTOS INCLUIDOS NO PLAN DE COOPERACIÓN AS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+2020.

A secretaria da lectura a seguinte proposta de acordo, ditaminado favorablemente a Comisión informativa para determinados asuntos do Pleno e para control da xestión municipal de data 11 de decembro de 2019:

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2020"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2020", "achega provincial 2019" e "préstamo provincial 2020":

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Subtotal pago a provedores			

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de gastos correntes	325.375,73 euros
Achega provincial 2019 (Excepción da Base 2.2 final)	
Subtotal gasto corrente	325.375,73 euros

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
Subtotal investimentos achega provincial 2020			

ACHEGA PROVINCIAL 2019 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
CAMIÑO CARBALLIDO Ó CASAL (DODRO) E OUTRO	78.743,90		78.743,90
Subtotal investimentos achega provincial 2019	78.743,90		78.743,90

Denominación da obra ou subministración	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020		
	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Subtotal investimentos préstamo provincial 2020			

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2020 e que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020 aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		

E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2019			
	Achega 2020			

B- GASTOS CORRENTES	Achega 2020	325.375,73	0	325.375,73
	Achega 2019 (Excep. Base 2.2)			
C- INVESTIMENTOS	Achega 2020			
	Achega 2019	78.743,90	0	78.743,90
	Préstamo 2020			
D- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2020			
TOTAL	Achega 2020	325.375,73	0	325.375,73
	Achega 2019	78.743,90	0	78.743,90
	Préstamo 2020	0	0	0
	TOTAL	404.119,63	0	404.119,63

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2020 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
HUMANIZACIÓN DA RÚA DO CARME	320.663,21
CAMIÑO DE VIÑÓS A TRONCEDA A NOVA POR CARBALLEIRA	30.000,00
TOTAIS	350.663,21

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos. E que segundo os informes técnicos elaborados polo enxeñeiro de camiños Pablo Blanco Ferreiro autor dos tres proxectos indicados, para as obras Camiño Carballido o Casal (Dodro) e outro incluída no POS+2020, Camiño de Viños a Tronceda a nova por Carballeira incluída no POS complementario non é precisa solicitude de autorizacións a ningún organismo para a súa execución e para a obra Humanización da rúa do Carme incluída no plan complementario precisa autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e da Axencia Galega de Infraestruturas para a súa execución

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Na lectura do ditame volve a Secretaria como na Comisión informativa a advertir da non posibilidade legal de aprobar proxectos de obras que non contén con autorización sectorial inda que así se admite polas bases do POS.

Deseguido realízanse as seguintes intervencións:

*Do Sr. García Vázquez (de CxG) para indicar:

-Que este POS ven a estar na liña de traballo que leva a cabo o equipo de goberno dende hai case unha década.

- Que o POS recolle obras que si fan falta, pero por exemplo a rúa do Carme é unha infraestrutura que está inmersa no camiño de Santiago, esa actuación podería levala a cabo a Xunta de Galicia porque pasa do Camiño Francés, xa que é unha obra que discorre por un solo que é patrimonio da humanidade, e xa pasou o mesmo co anterior POS ca obra na rúa Cima do Lugar.

-Que estes investimentos serían máis aproveitables noutras infraestruturas do Concello.

*Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para indicar:

- Que a rúa do Carme e unha das rúas mais transitadas día a día, é unha rúa pola que pasan os peregrinos sendo o epicentro do Camiño de Santiago.
- Que o Camiño de Santiago é o motor da nosa economía , este arranxo é moi solicitado polos vecinos, houbo moitas protestas porque nalgún tramo está practicamente intransitable, porque se levantan as pedras e hai moitos accidentes de peregrinos que pasan en bicicleta e deterioranse tamén os coches.
- Que a obra acceso a Buxacos tamen era moi demandado polos veciños.
- Que camino Viños-Tronceda está totalmente intransitable
- Que a pista de Dobro, e unha pista moi concurrida e necesita unha reparación urxente.
- Que hai moitas obras necesarias no Concello, e todos teríamos cen propostas, pero estas son as mais demandadas polos veciños.

* Do Sr. Carril Ramos (do BNG) para manifestar:

- Que parecenos moi pouco investimento en obra un POS de 700.000 euros, un concello que se di que está saneado, e menos do 50% do orzamento deste POS vai investido en obras.
- Que entenden que puido haber unha reunión e consensuar entre todos os grupos políticos que poderíamos aportar algo a este plan.
- Que neste POS vai incluído o arranxo da rúa do Carme, e hai anos o Xacobeo tiña o compromiso de arranxar todo o tramo dende a Cima do Lugar ata altura de Atocha e pregunta ¿ Antes de incluír esta obra no POS solicitouse a outras administración o arranxo desa rúa?
- Que no informe da secretaria indicase que non constan os permisos sectoriais, textualmente di que non se poden aprobar esas obras sen eses permisos.
- Que a rúa do Carme é certo que é unha rúa moi transitada e, pero non oiu que houbera ningún accidente. O equipo de goberno nunha nota que mandou a prensa conta mentiras, porque di que o arranxo desa rúa é debido a protestas de xente que aparca nesa rúa, e nesa rúa non se pode aparcar, a persoa que fixo esa nota de prensa non debe saber onde é esa rúa, porque nesa rúa non se pode aparcar porque non ten espazo suficiente, se se aparca hai que aparcar enriba das beirarrúas e habería que poñer uns bolardos para que non aparcaran, esta obra leva case o 90% do investimento.
- Que o grupo do BNG propuxo as seguintes obras na comisión informativa e retiraría parte delas si chegaran a un consenso:

ºPlan de arranxo de pistas e estradas. Revisión exhaustiva do estado das pistas de todo o Concello.

ºRepintado e adecentamento da coñecida popularmente como “ruta do colesterol”

ºActuacións urxentes: pista que vai do Raído desde á estrada nacional ao Camiño Francés. Pistas da Castañeda dirección Golán.

ºArranxo e adecentamento da contorna do Castro Curbín, da Fervenza das Hortas e arranxo e promoción da ruta de sendeirismo.

ºCreación dun Viveiro de Empresas, para que poidan xurdir novos proxectos empresariais en Arzúa, xerando novos postos de traballo.

°Adecantamento da contorna do Polígono Industrial.

°Posta en marcha do Plan Especial do Casco Antigo (PECA) de maneira que poidamos recuperar e dinamizar unha zona de importante riqueza patrimonial no noso Concello, conectada co Camiño de Santiago, e que engadiría atractivo a Arzúa.

°Humanización da Rúa Xosé Neira Vilas. Trátase dunha das rúas mais transitadas do noso Concello, que actualmente non conta con beirarrúas en moitos tramos ou as existentes non son útiles pola súa estreitez. Así mesmo, cómpre ter en conta que é zona de paso cara á Escola Infantil, á Residencia de Maiores ou ao Cemiterio, co que agrava a situación ao ser imposible que un carriño de bebés, unha cadeira de rodas ou unha persoa con mobilidade reducida poida transitar con seguridade por esa rúa.

°Extensión da rede de saneamento en todo o Concello.

°Adecantamento da contorna dos edificios da Feira do gando e preparación dos edificios para novos usos.

-Que entende que levar a cabo todas estas propostas non sería viable para este POS, pero espera que se vaian tendo en conta.

* Do Sr. Rivadulla Varela (do PP) para manifestar:

- Que como dixo o outro día na Comisión informativa traían unha serie de propostas para a solicitude do POS.

-Que o día 31/10/2019 publicáronse as bases do POS no BOP e dende esa data, o concello podería interesarse polas propostas que fai a oposición e se algunha lle interesase ao equipo de goberno considerala canto antes mellor e non esperar mes e pico para facer unha comisión informativa e que a oposición traía algunha proposta que se poida incluír no POS ou non.

- Que por un problema que tiveron co ordenador non poideron rexistrar as súas propostas para este POS ata esta mañá, incluíron obras como o local social de Branzá, porque non hai.

- Que non sabe se as solicitudes teñen que ser finalistas, é dicir, que no momento do rexistro se teñen que cumprir todos e cada un dos requisitos ou se en fase de requirimento de documentación se poden cumprir, sobre todo no tema da titularidade e autorización para o uso dos terreos.

- Que tamén comentou na comisión informativa que había dúas opcións para dedicalas a local social de Branzá, a casa do cura e a antiga escola, cada unha ten a súa particularidade para facerse coa titularidade desas instalacións

-Acondicionamento zona o cemiterio.

-Acondicionamento paso existente en Brandeso baixo a estrada AC-905 a altura dos Monteiros.

-Bordos das beirarrúas do núcleo urbano que non foron renovados nos últimos anos.

-Mellora da pista que comunica a igrexa coa Pena en San Martiño de Calvos, está anegada de auga no inverno, os coches dan pasado pero as persoas non.

-Instalacións que permitan asumir a xestión de cámaras de seguridade no polígono industrial, cre que hai unha limitación de 18.000 euros mínimo por cada un dos investimentos, e non sabe se é posible acometela ou non pero é de interese.

- Mellora do alumeado público.
- Un museo do camiño, que ben podería estar no núcleo urbano ou en parroquias, en calquera das dúas variantes do camiño.
- Abastecemento domiciliario de auga potable.
- Rede de saneamento, do que carecen a maioría das parroquias deste concello.

* Do Sr. alcalde, para manifestar:

- Que hai varias obras que levan mais dun ano esperando a que se financien por parte da Consellería de cultura e vicepresidencia, que temén teñen falta como o núcleo de Ribadiso, fixéronse peticións a distintas consellerías e non teñen noticias.
- O estudo que se comprometeu a facer este ano para a captación de mais auga, e estamos esperando a resposta ao segundo requerimento que se fixo. Se ten que esperar a que veñan cartos da Xunta de Galicia non se fai nada.
- Que a rúa do Carme é unha das rúas mais importantes para o noso concello, porque é por onde transcorre o Camiño de Santiago, e agora mesmo hai diferenza entre a rúa Cima do lugar e ese tramo, por iso se trae como proposta para este POS.
- Que lle parecen moi ben todas as propostas, o que non lle parece e que se trate de facelos tontos, porque non se poden traer propostas o mesmo día do Pleno, no caso do PP e no caso do BNG o día anterior a celebración das comisións.
- O POS publicouse o 31/10/2019 como ben dixo o voceiro do PP, e todo ese tempo, se ven que por parte do goberno, como sempre andan dicindo, non hai o mais mínimo interese en chegar a acordo, sería moito mais intelixente pola parte da oposición meter unha solicitude para unha xunta de voceiros ou unha reunión co alcalde para tratar este tema e non traer as propostas a víspera da comisión ou o mesmo día do pleno, cando saben que non hai tempo para facer os proxectos das obras que proponen.
- Que as obras que propoñen serán para o resto da lexislatura, porque faría falta axuda dos concellos de arredor para poder levalas a cabo.

Intevéñen na segunda rolda de intervencións:

*O Sr. García Vázquez (de CxG) para indicar, que se fai un plantexamento localista das obras do POS, pero onde están enclavadas sobrepasa do ámbito local, esas actuacións non corresponden ao Concello investir cartos do POS nesa obra. Hai exemplos como a rúa do Calexo, a rúa das Dores que foron feitas con outros procedementos económicos e pensa que ese plantexamento localista é correcto na teoría pero non na práctica, porque esas actuacións habería que xestionalas doutra forma.

*A Sra. Balado Conde para manifestar:

- Que algunhas das propostas feitas polo BNG non van ir no POS pero si noutras actuacións, estanse elaborando agora os proxectos e memorias.
- Que hai unha obra que se lles pasou por alto que son as gradas do campo de fútbol, que é unha demanda totalmente fundada xa que esta chovendo dentro como fóra, é o Sr. Carril Ramos estaba no goberno cando se fixeron esas gradas, polo que lle estrana que non solicitara esa obra.

* O Sr. Carril Ramos (do BNG) manifesta:

- Que presentaron a súa proposta cando tiveron coñecemento, se se lles comunicara os grupos cando saíu o POS, haberan presentado antes esas propostas.
- Que o Sr. alcalde dixo en varios plenos que non é intelixente, pola nosa parte imos facer o que consideramos oportuno, non imos facer e dicir o que alcalde considere que debemos dicir, demostra que ten poucas agallas para non conseguir financiación para este tipo de obras noutras administracións.
- Que en canto o que dixo a Sra. Balado Conde, o investimento das gradas fíxose sen que lle costase un só peso o concello, recoñece que esta mal, e é o único concelleiro , ou senón un dos poucos que vai a todos os partidos, aínda que sexa fóra da campaña electoral, e é socio dende que existe o clube de Arzúa. Xa se falou na xunta de voceiros que sería importante investir unha parte nesa infraestrutura.
- Que vaise investir unha cantidade moi importante en cambiar o tapete do campo de fútbol, que tamén foi unha obra que fixo cando gobernou o BNG, pero en Arzúa a diferenza doutros Concellos como Bertamiráns non se obtén financiación da deputación e financíase o 100% con recursos municipais.

*O Sr. Rivadulla Varela (do PP) expón:

- Que dado que a maneira de facer xuntanzas neste concello é a través dunha xunta de voceiros, a partir de agora faremos así.
- Que sobre a tardanza e prazos, estamos esperando por un pleno para os orzamentos, pero como sempre as cuestións administrativas neste concello imos ter que esperar ao final de todo a esa convocatoria para ver os orzamentos do ano que ven.
- Que non é necesario pedir sempre subvencións á deputación, hai outras entidades como a Xunta de Galicia, que a través das distintas consellerías ten partidas orzamentarias para distintas subvencións, se o concello cumpre os requisitos e ten a puntuación necesaria poden aprobar expedientes, como ese centro de empresas a través dunha axuda do IGAPE; axudas con temas relacionados co Camiño de Santiago a través da consellería de cultura, igual que a casa de correos que ía vir financiación do ministerio. Indica que hai entidades superiores as que solicitar subvencións e que para o Pos tamén se poden facer aportacións doutras entidades e municipais.

* O alcalde para expoñer:

- Que o Sr. Carril Ramos di que non tivo coñecemento da publicación do POS (31/10/2019) , e a Deputación está gobernada polo BNG e o partido socialista polo que debería ter esa información.
- Que se o investimento das gradas de fútbol veu doutro organismo e a obra quedou mal, non é unha boa xustificación, hai que intentar investir o mellor posible, non so as gradas senón no pavillón do Viso , do cal tampouco se fixo unha boa xestión desa obra.
- En canto ao que dixo o concelleiro do PP , el non di que faga caso omiso para convocalos para ter unha reunión, di que se non o fai teñen os instrumentos para pedir e non vir en vísperas de que se teñan que aprobar os proxectos coas propostas para cubrir o expediente.
- Que con respecto a que as subvencións que non teñen que ser sempre da Deputación senón

tamén da Xunta de Galicia, se considera o Sr. Rivadulla Varela que pode influir nos do seu partido que gobernan na Xunta para que atendan as peticións que hai dende o Concello para os cidadáns non para o goberno, como é o caso de Ribadiso que ten moita falta dun arranxo, é un dos puntos mais bonitos do camiño e telo nesas condicións, seguirá mandando requirimentos e informes dos técnicos para curarse en saúde por si pasa algo.

- O concelleiro do BNG Xoan Xesús Carril respóstalle o Alcalde que él estaba nese goberno con máis poder , incluso no seguinte como cabeza de lista e eu de último , dille que ambos saben quen tiña o poder, que Carril era de Deportes e él de Cultura , pero que sabe que o mal que saíron esas obras non foi o 100% responsabilidade deste concelleiro de Deportes .

Sen máis intervención con sete votos a favor (6 dos concelleiros *as de Alternativa por Arzúa 1 da concelleira do grupo mixto do PsdG-PSOE*) con 3 votos en contra: (2 dos concelleiros do BNG e 1 do concelleiro do grupo mixto de Compromiso por Galicia) e 3 abstencións dos tres concelleiros/as do grupo municipal do PP o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2020”, “achega provincial 2019” e “préstamo provincial 2020:

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Subtotal pago a provedores			

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de gastos correntes	325.375,73 euros
Achega provincial 2019 (Excepción da Base 2.2 final)	
Subtotal gasto corrente	325.375,73 euros

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			

Subtotal investimentos achega provincial 2020			

ACHEGA PROVINCIAL 2019 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
CAMIÑO CARBALLIDO Ó CASAL (DODRO) E OUTRO	78.743,90		78.743,90
Subtotal investimentos achega provincial 2019	78.743,90		78.743,90

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
Subtotal investimentos préstamo provincial 2020			

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2020 e que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020 aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		

E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2019			
	Achega 2020			
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2020	325.375,73	0	325.375,73
	Achega 2019 (Excep. Base 2.2)			
C- INVESTIMENTOS	Achega 2020			
	Achega 2019	78.743,90	0	78.743,90
	Préstamo 2020			
D- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2020			
TOTAL	Achega 2020	325.375,73	0	325.375,73
	Achega 2019	78.743,90	0	78.743,90
	Préstamo 2020	0	0	0
	TOTAL	404.119,63	0	404.119,63

SEGUNDO.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2020 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
HUMANIZACIÓN DA RÚA DO CARME	320.663,21
CAMIÑO DE VIÑÓS A TRONCEDA A NOVA POR CARBALLEIRA	30.000,00

TOTAIS	350.663,21

TERCEIRO.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos. E que segundo os informes técnicos elaborados polo enxeñeiro de camiños Pablo Blanco Ferreiro autor dos tres proxectos indicados, para as obras Camiño Carballido o Casal (Dodro) e outro incluída no POS+2020, Camiño de Viños a Tronceda a nova por Carballeira incluída no POS complementario non é precisa solicitude de autorizacións a ningún organismo para a súa execución e para a obra Humanización da rúa do Carme incluída no plan complementario precisa autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e da Axencia Galega de Infraestruturas para a súa execución

CUARTO.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.

QUINTO.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

SEXTO.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

SETIMO.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

OITAVO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Ás 10:42 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Arzúa, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

<p>Vº Prace O alcalde, José Luis García López</p>	<p>A secretaria, Rebeca Vázquez Vázquez</p>
---	---